| ▪ b<br>▪ f | ▪ B3.1. Estratexias de comprensión:<br>– Activación progresiva dos coñecementos previos en relación á tipoloxía e tema de textos próximos a súa idade.<br>– Identificación, moi guiada, da idea global de textos sinxelos e do seu interese (contos, cancións, rimas…) co apoio das ilustracións correspondentes.<br>– Identificación de palabras clave do texto, relacionadas cos e coas personaxes e o contexto co apoio de ilustracións.<br>▪ B3.2. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:<br>– Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira.<br>– Achegamento a algúns aspectos culturais semellantes á realidades do alumnado a través de producións multimedia e de manifestacións | ▪ B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos simples e breves relacionados con temas familiares e de interese para o alumnado, que contan con apoio visual.<br>▪ B3.2. Utilizar e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a e as ideas principais do texto.<br>▪ B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas relacionados coas convencións ortográficas básicas que expresan pausas, exclamacións e interrogacións.<br>▪ B3.4. Ler en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados oralmente, amosando una entoación e | ▪ PLEB3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. | ▪ CCL |
| | | | ▪ PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais. | ▪ CCL |
| | | | ▪ PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do titulo do mesmo e das imaxes que o ilustran. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PLEB3.4. Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles. | ▪ CCL<br>▪ CAA |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** |
| | artísticas da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.<br>▪ B3.3. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais:<br>– Identificación y uso de léxico e de estruturas elementais propias da lingua estranxeira, previamente empregadas.<br>– Asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas. | pronuncia adecuadas | | |
| **BLOQUE 4. PRODUCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS** | | | | |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ i | ▪ B4.1. Estratexias de produción:<br>– Planificación:<br>– Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: conto, notas, diálogo teatral… próximos a súa idade.<br>– Execución:<br>– Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.<br>– Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual do alumnado e material dixital adaptado á súa idade.<br>– Seleccionar e empregar progresivamente o léxico | ▪ B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.<br>▪ B4.2. Utilizar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.<br>▪ B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas | ▪ PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. | ▪ CCL |
| | | | ▪ PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela. | ▪ CCL |
| | | | ▪ PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura. | ▪ CCL<br>▪ CAA |



Voltar ao índice

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** |
| | adecuado ao tema.<br>– Iniciarse no uso dalgún recurso cohesivo para non repetir palabras.<br>– Apoiarse nas palabras e frases coñecidas previamente en interaccións orais sinxelas e de lectura.<br>– Iniciarse no emprego de materiais dixitais próximos a súa idade para reproducir mensaxes escritos sinxelos.<br>▪ B4.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais:<br>– Uso dos signos de puntuación máis básicos.<br>– Asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas. | para escribir con razoable corrección palabras curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada. | ▪ PLEB4.4. Completa unha táboa con datos persoais básicos (nome, apelido, idade...). | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PLEB4.5. Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso. | ▪ CCL |
| **BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL** | | | | |
| ▪ b<br>▪ f | ▪ B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:<br>– Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira.<br>– Recoñecemento e uso das fórmulas básicas da relación social e cortesía. | ▪ B5.1. Identificar aspectos socioculturais básicos concretos e significativos e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.<br>▪ B5.2. Amosar curiosidade pola lingua | ▪ PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas …) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** |
| | – Achegamento a algúns aspectos culturais semellantes á realidades do alumnado a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.<br>– Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.<br>▪ B5.2. Funcións comunicativas:<br>– Establecemento relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais.<br>– Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos e das demais (nome, apelido, idade, gustos).<br>– Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os animais máis próximos a súa contorna, bebida…Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana, os meses e o tempo atmosférico etc.<br>– Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre a localización de | e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo.<br>▪ B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.<br>▪ B5.4. Obter e dar información básica persoal, á súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.<br>▪ B5.5. Expresar nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma e cor.<br>▪ B5.6. Comprender e expresar a posesión.<br>▪ B5.7. Expresar e identificar os seus gustos.<br>▪ B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.<br>▪ B5.9. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.<br>▪ B5.10. Utilizar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores | ▪ PLEB5.2. Recoñece e aplica fórmulas básicas de relación social. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB5.3. Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e dos e das demais. | ▪ CCL |
| | | | ▪ PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me…). | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB5.5.Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples moi próximos á súa idade con imaxes ilustrativas que clarifican o seu significado. | ▪ CCL |
| | | | ▪ PLEB5.6. Adquire as rutinas de saúdos e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas. | ▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB5.7. Expresa e identifica a posesión referida a si mesmo/a e a unha terceira persoa. | ▪ CCL |
| | | | ▪ PLEB5.8. Expresa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta. | ▪ CCL |



Voltar ao índice

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** |
| | obxectos etc.<br>– Identificación e seguimento de instrucións.<br>– Expresión da posesión dun mesmo/a e dunha terceira persoa.<br>– Expresión do que lle gusta e non lle gusta.<br>– Identificación dos materias que compoñen os obxectos.<br>– Identificación das partes do corpo e da cara.<br>– Identificación dos membros da familia próximos.<br>– Identificación dos elementos máis próximos á súa contorna.<br>– Expresión de habilidade e capacidade para realizar unha acción en negativa e afirmativa.<br>– Realización de preguntas e respostas en relación ao permiso e axuda.<br>– Formulación de preguntas e respostas sobre o estado de ánimo.<br>– Formulación de preguntas e respostas en relación á cantidade.<br>▪ B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas:<br>– Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade, cor favorita e estado (What's your name?, My name is, How old are | básicos como "e, ou", adecuándoas aos propósitos comunicativos.<br>▪ B5.11. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro un repertorio memorizado.<br>▪ B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.<br>▪ B5.13. Recoñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.<br>▪ B5.14. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación.<br>▪ B5.15. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada. | ▪ PLEB5.9. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos máis básicos. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB5.10. Diferenza preguntas e respostas moi simples. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB5.11. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades. | ▪ CCL |
| | | | ▪ PLEB5.12. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados,dramatizacións etc. | ▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB5.13. Expresa estados de ánimo elementais (happy/sad, bored…). | ▪ CCL |
| | | | ▪ PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral. | ▪ CCL<br>▪ CAA |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** |
| | you?, I'm, What's your favourite colour?, My favourite colour is/It´s, I´m (hungry)).<br>– Preguntas e respostas sobre os días da semana, meses e o tempo atmosférico (What day is it today?, It´s, What´s the weather like today?, It´s, What month are you in?, I´m in).<br>– Preguntas e respostas sobre obxectos do seu interese (Where´s is it?, It´s in/on/under/next to).<br>– Identificación e seguimento de instrucións (Touch your (legs)…).<br>– Expresión de posesión en primeira e terceira persoa (I´ve got, He/She´s got) e formulación da pregunta correspondente e resposta afirmativa e negativa (Have you got?, Yes, I have/No, I haven´t, Has he/she got?, Yes, he/she has, No, he/she hasn´t).<br>– Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa e negativa (I like (salad), I don´t like (chips)).<br>– Expresión de cantidade: contar desde 21 a 50.<br>– Expresión das cores, das partes do corpo e cara, de elementos próximos (What´s this?, It´s…), membros da familia (Who´s this ?, This is my (brother), alimentos | | ▪ PLEB5.15. Amosa interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB5.16. Compara aspectos moi básicos e elementais (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece. | ▪ CCL |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | SEGUNDO |
|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** |
| | (What´s this?, This is).<br>– Identificación das pezas de roupa (I´m wearing).<br>– Expresión de habilidade en afirmativa e negativa (I can, I can´t).<br>– Preguntas e respostas sobre permiso e axuda (Can I…?).<br>– Preguntas e respostas sobre o estado de ánimo (Are you (hungry?, Yes, I am/No I´m not).<br>– Expresión da cantidade de obxectos o persoas (How many… are there?.<br>▪ B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a cores, números ata o 50, materiais escolares, formas xeométricas básicas, membros da familia, comidas e bebidas máis cotiás, xoguetes, estado e sentimentos, tempo atmosférico, días da semana, meses, accións, materiais, animais domésticos (de compañía e de granxa), partes do corpo e da cara, e partes da casa. | | | |

| 2º PRIMARIA. CONSIDÉRANSE ESTÁNDARES ESENCIAIS OS SOMBREADOS EN COR VERDE | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **ESTÁNDAR** | **GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A ÁREA** | **T1** | **T2** | **T3** | **AVALIACIÓN** (procedemento: instrumento) |
| **BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS** | | | | | |
| PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión. | O alumno terá que responder adecuadamente ao 50% das preguntas formuladas. | X | X | X | Observación sistemática: escala de observación e/ou rúbrica. |
| PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual. | O alumno terá que responder adecuadamente ao 50% das preguntas formuladas. | X | X | X | Observación sistemática: escala de observación e/ou rúbrica. |
| PLEB1.3. Comprende preguntas básicas (nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais. | O alumno entende correctamente e responde ás preguntas de xeito correcto, aínda que sexa con axuda do profesor. As súas respostas non teñen que ser gramatical ou estruturalmente perfectas, pero si demostrar coñecemento das estruturas practicadas e usar unha pronuncia, ritmo e entoación adecuados. | X | X | X | Intercambios orais co alumnado: diálogo e/ou rúbrica. |
| PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (*Open/close the book, sit down…*). | O alumno segue as instrucións de maneira correcta e entende o que se lle di na maioría das instrucións. En caso de non entender, axúdase de recursos lingüísticos e extralingüísticos para seguir o ritmo (observar a compañeiros, pedir axuda..) | X | X | X | Observación sistemática: escala de observación e/ou rúbrica. |
| **BLOQUE 2. PRODUCIÓN DE TEXTOS ORAIS** | | | | | |
| PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a un mesmo e dos e das demais (dicir o seu nome e idade, a cor do pelo e os ollos, presentar á súa familia, indicar as | O alumno participa na presentación de maneira autónoma e, aínda que precise de axuda por parte do profesor, é quen de concluír de xeito mais ou menos satisfactorio a súa presentación. Nas súas locucións usa frases simples traballadas na aula. A súa pronuncia é comprensible e o | | X | X | Análise das producións dos alumnos/as: producións orais. |



Voltar ao índice

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| súas preferencias) cunha pronuncia e entoación comprensibles. | seu ton e volume facilitan a comprensión de quen o escoita. | | | | |
| PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos). | O alumno pregunta e responde de xeito axeitado, aínda que precise de axuda, usando o vocabulario da unidade e as estruturas lingüísticas necesarias para a interación. Presta a atención necesaria para interactuar e a súa pronuncia, ton, volume e produción faise comprensible para que participa da entrevista. | X | X | X | Análise das producións dos alumnos/as: producións orais. |
| PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta. | O alumno mantén a atención de xeito adecuado na maioría as ocasións. De vez en cando, pode estar despistado pero cando se lle require atención modifica a súa conduta. Normalmente mostra unha actitude de escoita atenta. | X | X | X | Observación sistemática: escala de observación e/ou rúbrica. |
| PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos. | O alumno reproduce textos traballados de xeito adecuado e aínda que precise da axuda por parte do profesor, é quen de concluír de xeito mais ou menos satisfactorio a súa presentación. Nas súas locucións usa frases simples traballadas na aula. A súa pronuncia é comprensible e o seu ton e volume facilitan a comprensión de quen o escoita. | X | X | X | Observación sistemática: escala de observación e/ou rúbrica. |
| PLEB2.5. Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira. | O alumno mantén a atención de xeito adecuado na maioría as ocasións.De vez en cando, pode estar despistado pero cando se lle require atención modifica a súa conduta. Normalmente mostra unha actitude de escoita atenta. | X | X | X | Observación sistemática: escala de observación e/ou rúbrica. |
| **BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS** | | | | | |
| PLEB3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas | O alumno terá que responder adecuadamente á metade | | | | Observación sistemática: escala de observación e/ou rúbrica. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| traballados previamente de forma oral. | das preguntas formuladas. | X | X | X | Análise das producións dos alumnos/as: producións orais/escritas. |
| PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais. | O alumno terá que responder adecuadamente á metade das preguntas formuladas. | | X | X | Observación sistemática: escala de observación e/ou rúbrica. |
| PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do titulo do mesmo e das imaxes que o ilustran. | O alumno participa, voluntariamente e en xeral intégrase na actividade de hipóteses. | X | X | X | Observación sistemática: escala de observación e/ou rúbrica. |
| PLEB3.4. Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles. | Le en voz alta textos sinxelos con entoación e pronuncia comprensibles. | X | X | X | Análise das producións dos alumnos/as: producións orais. |
| **BLOQUE 4. PRODUCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS** | | | | | |
| PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. | O alumno escribe palabras de xeito guiado cunha grafía xeralmente comprensible. Usa a maiúscula se a situación o require e non separa as letras que conforman as palabras. As súas palabras son adecuadas ao contido que se traballa e non teñen que ser ortograficamente correctas. | X | X | X | Análise das producións dos alumnos/as: textos escritos. |
| PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela. | O alumno escribe palabras de xeito guiado con una grafía xeralmente comprensible. Usa a maiúscula se a situación o require e non separa as letras que conforman as palabras. As súas palabras son adecuadas ao contido que se traballa e non teñen que ser ortograficamente correctas. As frases que conforman o diálogo están estruturadas de xeito máis ou menos adecuado e usa as convencións ortográficas de cando en vez, mostrando que | | | X | Análise das producións dos alumnos/as: textos escritos. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | entende máis ou menos o seu uso. | | | | |
| PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura. | O alumno escribe as frases que conforman a produción de xeito, máis ou menos, adecuado e usa as convencións ortográficas de cando en vez, mostrando que entende máis ou menos o seu uso aínda que non o teña asimilado como un feito que se ten que dar en toda produción escrita. As súas palabras son adecuadas ao contido que se traballa e non teñen que ser ortograficamente correctas. | X | X | X | Análise das producións dos alumnos/as: textos escritos. |
| PLEB4.4. Completa unha táboa con datos persoais básicos (nome, apelido, idade...). | Completa a táboa coa información necesaria e correcta aínda que se lle esqueza algún campo. | X | | | Análise das producións dos alumnos/as: textos escritos. |
| PLEB4.5. Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso. | O alumno revisa as súas producións escritas tanto antes como despois de entregar os seus textos ao profesor. É quen de autocorrexir, buscar grafías anteriormente traballadas nos seus documentos e revisar as correccións que se fan na aula de xeito habitual aínda que en certas ocasións non o faga. | X | X | X | Observación sistemática: escala de observación e/ou rúbrica. |
| **BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA EN CONSCIENCIA INTERCULTURAL** | | | | | |
| PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas ...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente. | O alumno consegue comparar os hábitos culturais dos países de fala inglesa cos seus propios aceptando a diferencia cultural de xeito adecuado (mostrando respecto pola cultura do país). O alumno non fai comentarios despectivos cara o diferente e acepta de bo grado e interese as diferenzas culturais existentes entre países ou comunidades do mundo. | | X | X | Observación sistemática: escala de observación e/ou rúbrica. |
| PLEB5.2. Recoñece e aplica fórmulas básicas de | O alumno é capaz de usar e reproducir e comprender fórmulas básicas de relación social. ( thank you, good | X | X | X | Observación sistemática: escala de |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| relación social. | morning, sorry. ) | | | | observación e/ou lista de control. |
| PLEB5.3. Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e dos e das demais. | O alumno pregunta e responde de xeito axeitado , aínda que precise de axuda, usando o vocabulario da unidade e as estruturas lingüísticas necesarias para a interación. Presta a atención necesaria para interactuar e a súa pronuncia, ton, volume e produción faise comprensible para que participa da entrevista. As preguntas poden ir formuladas de xeito oral ou escrito. | X | X | X | Análise das producións dos alumnos/as: producións orais/ escritas.<br>Probas específicas: proba obxectiva. |
| PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (*Please, thank you, excuse me…*). | O alumno é capaz de usar e reproducir e comprender fórmulas básicas de relación social e cortesía. ( thank you, good morning, sorry, please , excuse me, you are welcome...) | X | X | X | Observación sistemática: escala de observación e/ou lista de control. |
| PLEB5.5.Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples moi próximos á súa idade con imaxes ilustrativas que clarifican o seu significado. | O alumno terá que responder adecuadamente á metade das preguntas formuladas. | X | X | X | Análise das producións dos alumnos/as: producións orais/ escritas.<br>Probas específicas: proba obxectiva. |
| PLEB5.6. Adquire as rutinas de saúdos e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas. | O alumno é capaz de usar e reproducir e comprender fórmulas linguísticas habituais e reprodùceas cando son necesarias. Aínda que non o faga de maneira voluntaria, é capaz | X | X | X | Observación sistemática: escala de observación e/ou rúbrica. |
| PLEB5.7. Expresa e identifica a posesión referida a si mesmo/a e a unha terceira persoa. | O alumno é capaz de recoñecer a posesión de seu ou de terceiras persoas e aplicalos a situacións previamente traballadas na aula. As súas producións orais ou escritas sobre este tema non teñen porque ser correctas estrutural e gramaticalmente na súa totalidade se son producións libres, pero si seguir unha orde estrutural e ortográfica adecuada en caso de copia. | | | X | Análise das producións dos alumnos/as: producións orais/ escritas. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| PLEB5.8. Expresa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta. | O alumno é capaz de recoñecer o que lle gusta e o que non e aplicalos a situacións previamente traballadas na aula. As súas producións orais ou escritas sobre este tema non teñen porque ser correctas estrutural e gramaticalmente na súa totalidade se son producións libres, pero si seguir unha orde estrutural e ortográfica adecuada en caso de copia. | X | X | X | Análise das producións dos alumnos/as: producións orais/ escritas. |
| PLEB5.9. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos máis básicos. | O alumno estruturará de xeito adecuado as frases ordenándoas tanto de xeito oral como escrito a partir de modelos desordenados e previamente traballados na aula. | | | X | Análise das producións dos alumnos/as: producións orais e/ou textos escritos. |
| PLEB5.10. Diferenza preguntas e respostas moi simples. | O alumno entende de xeito xeral as preguntas que se lle fan e é capar de responder as mesmas con ou sen axuda do profesor usando un ton , volume e pronuncia axeitados no caso de producións orais e unha estrutura coherente no caso das producións escritas. Nas súas producións escritas o alumno ten que ordenar as frases ou o texto de xeito adecuado tanto estruturalmente como ortograficamente en caso de copia ou se é produción libre , ten que se facer comprender aínda que a estrutura non sexa a mais desexada nin a ortografía a correcta. | X | X | X | Observación sistemática: escala de observación e/ou rúbrica.<br><br>Análise das producións dos alumnos/as: producións orais e/ou textos escritos.<br><br>Probas específicas: proba obxectiva. |
| PLEB5.11. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades. | O alumno é capaz de usar e reproducir e comprender fórmulas linguísticas habituais e reprodùceas cando son necesarias. Aínda que non o faga de maneira voluntaria, é capa | X | X | X | Análise das producións dos alumnos/as: producións orais e/ou textos escritos. |
| PLEB5.12. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados, | O alumno participa con positivamente no traballo e desenvolvemento destas tarefas. A sua produción mostra cuidado ainda que de vez en cando e de xeito excepcional | X | X | X | Análise das producións dos alumnos/as: producións orais e/ou |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| dramatizacións etc. | haxa borróns, tachaduras etc. A impresión xeral destas producións ten que ser positiva e os deseños que acompañen os glosarios deben estar ben pintados e limpos. | | | | textos escritos. |
| PLEB5.13. Expresa estados de ánimo elementais (*happy/sad, bored…*). | O alumno é capaz de recoñecer estados de ánimo estudados e aplicalos a situacións previamente traballadas na aula. As súas producións orais ou escritas sobre este tema non teñen porque ser correctas estrutural e gramaticalmente na súa totalidade se son producións libres, pero si seguir unha orde estrutural e ortográfica adecuada en caso de copia. | X | X | X | Análise das producións dos alumnos/as: producións orais e/ou textos escritos.<br><br>Intercambios orais: diálogo. |
| PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral. | O alumno terá que responder adecuadamente á metade das preguntas formuladas. | X | X | X | Análise das producións dos alumnos/as: producións orais e/ou textos escritos. |
| PLEB5.15. Amosa interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula. | O alumno tenta usar a lingua estranxeira nas interaccións na aula. Interésase por saber como responder en inglés e como preguntar polas cousas que o rodean aínda que sexa pedindo axuda aos seus compañeiros ou ao profesor. | X | X | X | Observación sistemática: escala de observación e/ou rúbrica. |
| PLEB5.16. Compara aspectos moi básicos e elementais (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece. | O alumno é capaz de establecer comparacións lingüísticas significativas entre a lingua nai e a lingua estranxeira aínda que sexa con axuda do profesor nuns primeiros momentos. | | X | X | Observación sistemática: escala de observación e/ou lista de control. |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | TERCEIRO |
|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** |
| **BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS** | | | | |
| ▪ b<br>▪ f | ▪ B1.1. Estratexias de comprensión:<br>− Activación de coñecementos previos a partir de debuxos, mímica, preguntas... para á formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar en función dos interlocutores que participan na interacción e do contexto, en situacións de comunicación breves conectadas cos seus intereses e adaptadas a súa idade.<br>− Interpretación das ideas principais expresadas en textos orais sinxelos a partir das súas experiencias e coñecementos.<br>− Captación da idea global e identificación de elementos máis relevantes en textos orais, con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.<br>− Identificación e asociación de significados apoiándose no contexto, ilustracións...<br>− Asociación de palabras e expresións con elementos paraverbais (entoación, pausas, énfases...) e non | ▪ B1.1. Comprender o sentido xeral, e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá (os deportes, os animais, as comidas preferidas), conectados cos propios intereses e coas propias experiencias e articulados con claridade e lentamente transmitidos de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a mensaxe e conten co apoio visual correspondente.<br>▪ B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información mais relevante do texto.<br>▪ B1.3. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa. | ▪ PLEB1.1. Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá. | ▪ CCL |
| | | | ▪ PLEB1.2. Comprende os puntos principais de narracións e presentacións breves e sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese, que conteñen con imaxes e ilustracións que clarifiquen o seu significado. | ▪ CCL |
| | | | ▪ PLEB1.3. Entende o que se lle di en situacións comunicativas habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos). | ▪ CCL |
| | | | ▪ PLEB1.4. Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas e conversas breves nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet. | ▪ CCL<br>▪ CAA |



Voltar ao índice

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | TERCEIRO |
|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** |
| | verbais (expresión facial, xestos...).<br>– Seguimento verbal e non verbal de instrucións sinxelas en situacións comunicativas habituais.<br>– Repetición, memorización comprensiva e observación de modelos, para a adquisición do léxico e expresións cotiás da lingua estranxeira.<br>▪ B1.2. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: familiarización cos sons, pautas de ritmo e entoación característicos da lingua estranxeira, a través do modelo do mestre/a e de recursos audiovisuais. | | ▪ PLEB1.5. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos). | ▪ CCL |
| | | | ▪ PLEB1.6. Valora as interaccións orais entre iguais como medio de aprendizaxe compartido. | ▪ CSC |
| **BLOQUE 2. PRODUCIÓN DE TEXTOS ORAIS** | | | | |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ i | ▪ B2.1. Estratexias de produción:<br>– Planificación:<br>– Concibir a mensaxe con claridade e practicalo varias veces.<br>– Execución:<br>– Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.<br>– Apoiarse nos coñecementos previos.<br>– Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos paralingüísticos | ▪ B2.1. Falar de si mesmo e das persoas da súa contorna inmediata, de obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or).<br>▪ B2.2. Participar de forma activa e comprensible en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi | ▪ PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a e aos demais cunha pronuncia e entoación comprensibles. | ▪ CCL |
| | | | ▪ PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta. | ▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, | ▪<br>▪ CCL |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | TERCEIRO |
|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** |
| | (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal).<br>– Participar en interaccións orais en situacións reais ou simuladas, próximas a súa idade, a través de respostas verbais e non verbais.<br>– Producir textos orais coñecidos previamente mediante a participación activa en rutinas.<br>– Producir textos orais cotiás de índole diversa tendo en conta tanto elementos lingüísticos como extralingüísticos: utilizar xestos ou recorrer a imaxes para axudar na comprensión de producións orais.<br>– Participar activamente en intercambios lingüísticos orais breves para expresar as necesidades de comunicación máis inmediatas, tendo en conta as habituais fórmulas de cortesía.<br>▪ B2.2. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:<br>– Uso axeitado dos sons propios da lingua estranxeira: pronuncia de palabras e frases cotiás de forma comprensible.<br>– Iniciación ás normas que regulan a interacción oral (quendas de palabra, | familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.<br>▪ B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario. | rimas) aprendidos a través de xogos. | ▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB2.5. Amosa interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros/as. | ▪ CCL<br>▪ CSC |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | TERCEIRO |
|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** |
| | volume de voz e ritmo axeitado)..<br>– Uso e identificación de aspectos fonéticos básicos, de ritmo e entoación para a produción de textos breves orais. | | | |
| **BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS** | | | | |
| ▪ b<br>▪ f | ▪ B3.1. Estratexias de comprensión:<br>– Activación dos coñecementos previos en relación á tipoloxía e tema do texto que se vai traballar.<br>– Facer anticipacións e hipóteses, a partir dos elementos icónicos e textuais, sobre o contido de textos sinxelos non coñecidos que sexan da súa interese e adaptados a súa idade.<br>– Captación da idea global e identificación de elementos máis relevantes en textos escritos, con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.<br>– Identificación de palabras clave do texto, relacionadas cos e coas personaxes e o contexto a través da linguaxe non verbal ou co apoio de ilustracións.<br>– Identificación de textos sinxelos: regras de xogos, algunhas | ▪ B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.<br>▪ B3.2. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións, interrogacións e interrogacións.<br>▪ B3.3. Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos. | ▪ PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. | ▪ CCL |
| | | | ▪ PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual redundante e identifica os e as personaxes principais. | ▪ CCL |
| | | | ▪ PLEB3.3. Amosa interese pola lectura nunha lingua estranxeira. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PLEB3.4. Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PLB3.5. Iníciase na selección de contos ou narracións da biblioteca de aula para a súa lectura guiada e respectando as súas normas de funcionamento. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | TERCEIRO |
|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** |
| | instrucións, carteis da aula…<br>– Iniciación á lectura guiada e comprensión de diferentes textos sinxelos, en soporte papel e dixital, adaptados á competencia lingüística do alumnado, para utilizar información global e específica no desenvolvemento dunha tarefa, proxecto ou para gozar da lectura.<br>▪ B3.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación moi elementais:<br>– Uso dos signos de puntuación máis básicos.<br>– Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións analíticas grafía-son.<br>– Recoñecemento de símbolos de uso frecuente: €, @. | | ▪ PLB3.6. Amosa interese por informase, comunicarse e aprender a través dos textos escritos. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| **BLOQUE 4. PRODUCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS** | | | | |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ i | ▪ B4.1. Estratexias de produción:<br>– Planificación<br>– Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: contos, notas, dramatizacións …<br>– Execución | ▪ B4.1. Escribir textos sinxelos seguindo un modelo dado, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si | ▪ PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. | ▪ CCL |
| | | | ▪ PLEB4.2. Escribe conversas sinxelas seguindo un modelo | ▪ CCL |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | TERCEIRO |
|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** |
| | – Producir a mensaxe escrita con claridade, utilizando expresións e frases coñecidas.<br>– Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual do alumnado e de programas informáticos.<br>– Seleccionar e empregar o léxico adecuado ao tema e usar algún recurso cohesivo para non repetir palabras.<br>– Apoiarse nas palabras e frases coñecidas previamente en interaccións orais e de lectura.<br>– Empregar programas informáticos para reproducir mensaxes escritos sinxelos.<br>– Reproducir progresivamente a forma gráfica de certas palabras en situacións comunicativas, sen modelos dados, a través de hipóteses ou tratando de recordar a súa forma.<br>– Producir a partir de modelos, de palabras e expresións, coñecidas previamente en interaccións orais, para transmitir información.<br>– Iniciar a reelaboración de informacións en ficheiros, libriños... breves textos escritos | mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.<br>▪ B4.2. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.<br>▪ B4.3. Iniciarse no uso das ferramentas informáticas para completar actividades predeseñadas polo persoal docente. | dado e respectando a estrutura gramatical coñecida. | |
| | | | ▪ PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura e cos seus intereses. | ▪ CCL |
| | | | ▪ PLEB4.4. Completa un formulario en liña con seus datos e dos e das demais (nome, apelido e idade...). | ▪ CCL |
| | | | ▪ PLEB4.5. Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar. | ▪ CCL |
| | | | ▪ PLEB4.6. Escribe en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata de xeito elemental. | ▪ CCL |
| | | | ▪ PLEB4.7. Presenta os seus textos de forma coidada, ordenada e cunha caligrafía axeitada para a súa idade. | ▪ CCL<br>▪ CSC |

<table>
<tr><th>ÁREA</th><th colspan="2">PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA</th><th>CURSO</th><th>TERCEIRO</th></tr>
<tr><th>Obxectivos</th><th>Contidos</th><th>Criterios de avaliación</th><th>Estándares de aprendizaxe</th><th>Competencias clave</th></tr>
<tr><td></td><td>afíns aos intereses e experiencias de alumnos e alumnas, cunha intención comunicativa.<br>▪ B4.2. Patróns gráficos, covencións ortográficas e de puntuación moi elementais:<br>− Uso dos signos de puntuación máis básicos.<br>− Uso de símbolos de uso frecuente: €.<br>− Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións grafía-son.</td><td></td><td>▪ PLEB4.8. Valora a lingua escrita como medio de comunicación.</td><td>▪ CCL<br>▪ CSC</td></tr>
<tr><th colspan="5">BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL</th></tr>
<tr><td rowspan="2">▪ b<br>▪ f</td><td rowspan="2">▪ B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:<br>− Valoración da lingua estranxeira como instrumento para comunicarse.<br>− Recoñecemento e aprendizaxe de formas básicas de relación social na lingua estranxeira.<br>− Aspectos sociais e culturais próximos aos intereses dos nenos e nenas dos países onde se fala a lingua</td><td rowspan="2">▪ B5.1. Identificar aspectos socioculturais básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.<br>▪ B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo.</td><td>▪ PLEB5.1. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, actividades, favoritas e gustos) sobre si mesmo e sobre os demais.</td><td>▪ CCL</td></tr>
<tr><td>▪ PLEB5.2. Utiliza as rutinas de saúdo e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas (hello, goodbye, see you...).</td><td>▪ CCL<br>▪ CSC</td></tr>
</table>

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | TERCEIRO |
|---|---|---|---|---|
| | continuous); habitual (simple tenses (+ Adv., e. g. always, everyday)); incoativo (start –ing); terminativo (finish –ing).<br>– Expresión da modalidade: factualidade (declarative sentences); capacidade (can); posibilidade (may); necesidade (must; need); obriga (have (got) to; imperative); permiso (can; may); intención (going to; will).<br>– Expresión da existencia (there is/are); a entidade (nouns and pronouns, articles, demonstratives); a calidade ((very +) Adj.).<br>– Expresión da cantidade (singular/plural; cardinal numerals up to four digits; ordinal numerals up to two digits. Quantity: all, many, a lot, some, (a) few, (a) little, more, much, half, a bottle/cup/glass/piece of. Degree: very, too, enough).<br>– Expresión do espazo (prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement).<br>– Expresión do tempo (points (e. g. quarter past five); divisions (e. g. half an hour, summer), and indications (e. g. now, tomorrow (morning)) of estafe; duration (e. g. for two days); anteriority (before); posteriority | de información, ou un ofrecemento), utilizando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis frecuentes e de patróns discursivos básicos (p. e. saúdos para inicio e despedida para peche en conversas ou en correspondencia, ou unha narración esquemática desenvolvida en puntos.<br>▪ B5.7. Cumprir a función comunicativa principal do texto escrito (p. e. unha felicitación, un intercambio de información, ou un ofrecemento), utilizando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis frecuentes e de patróns discursivos básicos (p. e. saúdos).<br>▪ B5.8. Manexar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como "e", entón", "pero", "porque"), aínda que se sigan cometendo erros básicos de maneira sistemática en, p. e., tempos verbais ou na concordancia.<br>▪ B5.9. Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico, tanto oral como escrito, de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados | | |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | SEXTO |
|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** |
| | (after); sequence (first…then); simultaneousness (at the same estafe); frequency (e. g. sometimes, on Sundays).<br>– Expresión do modo (Adv. of manner, e. g. slowly, well).<br>▪ B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio ambiente, clima e contorna natural; e tecnoloxías da información e a comunicación. | cos propios intereses, experiencias e necesidades.<br>▪ B5.10. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos menos dirixidos.<br>▪ B5.11. Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividades…).<br>▪ B5.12. Indagar a realidade plurilingüe e multicultural das familias e da súa contorna, e identificar semellanzas e diferenzas, evitando os estereotipos.<br>▪ B5.13. Establecer similitudes e diferenzas das linguas que hai na aula ou na súa contorna máis próxima.<br>▪ B5.14. Valorar as linguas como un instrumento de comunicación, para aprender e acercarse a outras culturas, que hai diversidade de linguas e mostra respecto por todas. | | |



Voltar ao índice

| 6º PRIMARIA. CONSIDÉREANSE ESTÁNDARES ESENCIAIS OS SOMBREADOS EN COR AZUL | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **ESTÁNDAR** | **GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A ÁREA** | **T1** | **T2** | **T3** | **AVALIACIÓN** (procedemento/instrumento) |
| **BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS** | | | | | |
| PLEB1.1. Comprende o esencial de anuncios publicitarios sobre produtos que lle interesan (xogos, ordenadores, CD etc.). | Obtén información básica de anuncios sobre produtos do seu interese. | | | x | ▪ Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais. Probas específicas.<br>▪ Producións orais. Asemblea. Proba obxectiva. |
| PLEB1.2. Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios, nunha estación ou nuns grandes almacéns). | Entende información sinxela de carteis en lugares públicos. | | | x | ▪ Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais. Probas específicas.<br>▪ Producións orais. Asemblea. Proba obxectiva. |
| PLEB1.3. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos). | Obtén información de forma oral nos intercambios persoais habituais. | X | X | X | ▪ Análise das producións dos alumnos/as.<br>▪ Producións orais |
| PLEB1.4. Identifica o tema dunha conversa cotiá predicible que ten lugar na súa presenza (por exemplo, nunha tenda, nun tren). | Entende o máis importante dunha conversa nun lugar habitual da vida diaria. | X | X | X | ▪ Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais. Probas específicas.<br>▪ Producións orais. Asemblea. Proba obxectiva. |
| PLEB1.5. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar. | Comprende o fundamental dunha conversa sobre un tema moi coñecido. | X | X | X | ▪ Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais. Probas específicas.<br>▪ Producións orais. Asemblea. Proba obxectiva. |
| PLEB1.6. Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do | Obtén información sobre temas cotiás e responde | X | X | X | ▪ Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara. | correctamente sobre eles de xeito oral. | | | | Probas específicas.<br>▪ Producións orais. Asemblea. Proba obxectiva. |
| PLEB1.7. Comprende o sentido xeral e o esencial e distingue os cambios de tema de programas de televisión ou doutro material audiovisual e multimedia dentro da súa área de interese (p. e. nos que se entrevista a mozos e mozas ou personaxes coñecidos ou coñecidas sobre temas cotiás (por exemplo, o que lles gusta facer no seu tempo libre) ou nos que se informa sobre actividades de lecer (teatro, cinema, eventos deportivos etc.). | Identifica a información máis relevante dos medios de comunicación. | | | X | ▪ Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais. Probas específicas.<br>▪ Producións orais. Asemblea. Posta en común. Proba obxectiva. |
| **BLOQUE 2. PRODUCIÓN DE TEXTOS ORAIS** | | | | | |
| PLEB2.1. Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión)usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible. | Elabora presentacións sinxelas referíndose a si mesmo. | X | X | X | ▪ Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais. Observación sistemática.<br>▪ Producións orais. Asemblea. Posta en común. Escala de observación. |
| **BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS** | | | | | |
| PLEB3.1. Comprende instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, | Obtén información de comunicacións escritas presentes na súa vida cotiá. | X | X | X | ▪ Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais. Observación sistemática. Probas |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos. | | | | | específicas.<br>▪ Libro, fichas ou textos escritos. Proba obxectiva. |
| PLEB3.2. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos etc. | Selecciona e entende información de comunicacións sinxelas escritas. | X | X | X | ▪ Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br>▪ Libro, fichas ou textos escritos. Proba obxectiva. |
| PLEB3.3. Comprende correspondencia (SMS, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita etc. | Entende mensaxes sinxelas procedentes dos medios de comunicación sobre aspectos da rutina diaria. | X | X | X | ▪ Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br>▪ Libro, fichas ou textos escritos. Producións orais. Proba obxectiva. |
| PLEB3.4. Comprende o esencial e os puntos principais de noticias breves e artigos de revistas para mozas e mozos que traten temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese (deportes, grupos musicais, xogos de ordenador). | Obtén información básica de textos escritos sobre temas coñecidos. | X | X | X | ▪ Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br>▪ Libro, fichas ou textos escritos.Proba obxectiva. |
| PLEB3.5. Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics etc.). | Recoñece o argumento dunha historia e identifica as personaxes que interveñen nela. | X | X | X | ▪ Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br>▪ Libro, fichas ou textos escritos. Proba obxectiva. |
| PLEB3.6. Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. 😊, @, ₤). | Utiliza normalmente os signos ortográficos básicos. | X | X | X | ▪ Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br>▪ Libro, fichas ou textos escritos. Proba obxectiva. |
| **BLOQUE 4. PRODUCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS** | | | | | |
| PLEB4.1. Completa un breve formulario ou unha ficha cos | Completa campos dun breve formulario ou unha | X | X | X | ▪ Análise das producións dos |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.). | ficha cos seus datos persoais. | | | | alumnos/as.<br>▪ Libro, fichas ou textos escritos. |
| PLEB4.2**.** Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas. | Escribe mensaxes escritas (notas, postais, correos, chats ou SMS) moi sinxelos con fins axeitados ao seu nivel e sobre os seus intereses para interactuar con outras persoas. | X | X | X | ▪ Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br>▪ Libro, fichas ou textos escritos. Proba obxectiva. |
| **BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL** | | | | | |
| PLEB5.1. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar. | Obtén información en conversas sobre temas da vida diaria. | X | X | X | ▪ Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais.<br>▪ Producións orais. Libro, fichas ou textos escritos. |
| PLEB5.2. Desenvólvese en transaccións cotiás (p. e. pedir nunha tenda un produto e preguntar o prezo). | É capaz de pedir e dar información sobre aspectos fundamentais da súa vida diaria. | | X | X | ▪ Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais. Probas específicas.<br>▪ Producións orais. Libro, fichas ou textos escritos. Proba obxectiva. |
| PLEB5.3. Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, Skype) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado | Mantén unha conversa en diferentes contextos da vida diaria. | | | X | ▪ Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais.<br>▪ Producións orais. Entrevista. Posta en común. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións (p. e. como se chega a un sitio con axuda dun plano). | | | | | |
| PLEB5.4. Participa nunha entrevista, p. e. médica nomeando partes do corpo para indicar o que lle doe. | É capaz de seguir unha entrevista relacionada con aspectos da vida diaria. | | X | | ▪ Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais.<br>▪ Producións orais. Entrevista. |
| PLEB5.5. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas. | Valora as distintas linguas da súa contorna. | X | X | X | ▪ Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais.<br>▪ Asemblea. |

## 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

O currículo da Área de Lingua Estranxeira para a Educación Primaria promove un **ensino integrador das linguas**, baseado no desenvolvemento progresivo da competencia comunicativa plurilingüe, impulsando a utilización das diversas linguaxes que posibilitan a comunicación: verbal, non verbal, dixital e audiovisual. O Consello de Europa indica que o obxectivo último da aprendizaxe dunha lingua estranxeira é que o alumno/a alcance de forma progresiva o maior grado de competencia comunicativa, é dicir, que poida utilizala para comprender, falar e conversar, ler e escribir.

Tendo en conta a variedade e **diversidade do alumnado** e os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, a nosa metodoloxía será **inclusiva e activa**, favorecendo a **participación** de todo o alumnado durante todo o proceso. Estará dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.

O **enfoque comunicativo** dirixirá a comunicación oral (obxectivo prioritario nesta etapa), mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades en **contextos reais**, permitindo ao alumnado acadar un dominio progresivo da lingua estranxeira. Para obter resultados satisfactorios e promover a aprendizaxe, será necesario relacionar lingua e comunicación usando as catro destrezas lingüísticas: escoitar, falar, ler e escribir. En lugar de desenvolver estas destrezas de forma illada, integrarémolas en cada unidade didáctica, tal e como sucede en situacións reais de comunicación.

Tendo en conta todo isto, as bases metodolóxicas que inspiran o noso traballo son as seguintes:
- **Enfoque comunicativo.** Preténdese o desenvolvemento integrado das catro destrezas lingüísticas, *listening*, *speaking*, *reading* e *writing*. Partiremos das destrezas orais (escoitar e falar). Terase en conta o contexto e a experiencia dos nenos/as para ir adquirindo a competencia comunicativa, con actividades nas que a linguaxe se utiliza con propósitos ou finalidades concretas: intercambio de información persoal, cantar, etc. Buscaranse situacións comunicativas axeitadas para o uso real da lingua estranxeira que motiven, capten a imaxinación e impulsen a participación. O alumnado deberá entrar en contacto cunha linguaxe sinxela, pero natural, que non se limite a unhas poucas palabras de vocabulario específico, senón que constitúa unha ferramenta coa que acceder á realidade que o rodea. Pouco a pouco iranse integrando as destrezas escritas (ler e escribir), integrando o vocabulario practicado con anterioridade. O vocabulario revisarase e reciclarase sistematicamente para asegurar a súa interiorización.
- **Enfoque centrado no alumno/a.** O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos/as son os seus coñecementos previos, centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado.
- **A aprendizaxe competencial** persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno/a, das súas capacidades, preparar ao alumnado para que poida afrontar os retos persoais ao longo da súa vida con éxito. Cada unha das unidades didácticas proporciona diferentes actividades que contribúen ao desenvolvemento das competencias clave.
- **A motivación.** As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe.
- **Atención á diversidade.** Os nenos/as aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes, por iso a nosa programación está deseñada para ser utilizada con flexibilidade, proporcionando unha ampla gama de actividades e recursos didácticos, de modo que todos os integrantes do grupo poidan participar. Teremos en conta o denominado "período de silencio" e incluiremos actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento. A intervención da mestra

será activa e reflexiva e axustada ao nivel que amosa o alumno/a, debendo: iniciar o *input* da lingua, axudar ao alumno/a na interacción cos demais, proporcionar retroacción, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

**- Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe**. Os erros prodúcense cando o neno/a anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfire regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición.

**- Enfoque globalizado.** A nosa programación ofrece actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do si mesmo e a continuación coa exploración do mundo que os/as rodea (a súa casa, o seu colexio, o seu medio, etc.).

**- Aprendizaxe a través das rutinas**. A utilización das rutinas é importante para crear un clima afectivo positivo na aula. Nas nosas clases incluímos rutinas tales coma a data, o clima, etc., coa fin de resaltar as actividades sinxelas que crean momentos para o contacto personalizado e individual, co obxectivo de atraer ao alumnado e crear un ambiente de aprendizaxe positivo e alegre. Ademais, por medio das rutinas séntense confiados e seguros para aprender inglés.

## TÉCNICAS E ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE

Proporcionaremos ao alumnado diferentes tipos de materiais e actividades centradas nos seus intereses e adaptados ás súas características (cancións, xogos, contos…). Utilizaremos materiais auténticos e traballaremos con actividades reais, motivadoras e relevantes. Algunhas das actividades que imos levar a cabo son as seguintes, entre outras:

- ao inicio das unidades, co obxectivo de activar os coñecementos previos, realizaranse actividades de *brainstorming*, xogos, intercambios comunicativos, etc.
- actividades baseadas no *information gap*, nas que teñen que usar a lingua inglesa para obter unha información e resolver a actividade interactuando e comunicándose entre eles e elas.
- xogos lingüísticos, nos que actúan e reaccionan na lingua inglesa, o que lles permite un uso real da lingua e o desenvolvemento das catro destrezas lingüísticas.
- actividades a través das TIC.
- *matching activities*.
- contos e textos diversos, tales como revistas ou xornais, xa que usando estes materiais na clase de inglés, poden achegarse a outras culturas cunha actitude positiva e de forma natural.
- cancións ou rimas, que a parte das razóns afectivas, cognitivas e lingüísticas, son unha boa ferramenta para aprender pronunciación, vocabulario e cultura na lingua inglesa.
- interaccións orais ou diálogos, o que permite non só a práctica da nova lingua de forma comunicativa, senón tamén a compilación de información sobre os intereses, gustos, emocións, etc. dos compañeiros/as.
- actividades de comprensión lectora, nas que reforzan o vocabulario e estruturas das unidades.
- actividades de composición, nas que poñen en práctica os seus coñecementos para expresar por escrito distintos tipos de información e a través de diferentes estilos literarios.

Todas estas actividades comparten características similares, como son o desexo e o propósito de comunicarse, a importancia do contido sobre a forma e o feito de que unha grande variedade de lingua é utilizada.

## ORGANIZACIÓN DE TEMPO, AGRUPAMENTO E ESPAZOS

O **tempo**, entendido como o dedicado ao ensino no centro, é un recurso fundamental e limitado na aprendizaxe dunha materia. A programación será adaptada por cada mestra de acordo aos seus horarios e ritmos da clase.

Utilizaremos **agrupamentos** estables (segundo o Plan de adaptación á situación COVID-19), en función do tipo de interacción que se dá nese momento na aula: profesor-alumno/a, traballo individual, traballo en parellas, traballo en grupo, etc.

Os recursos cos que podemos contar e os posibles **espazos** en que se poden desenvolver os procesos de ensino-aprendizaxe son, neste momento, cada vez máis limitados, debido a situación pandémica. Como resultado, os contextos da aprendizaxe son máis reducidos. Poderemos levar a cabo actividades e proxectos que inclúan un ambiente na propia aula da titoría.

## 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Os materiais que utilizaremos para esta etapa de Educación Primaria serán moi diversos: contos, cancións, xogos, pósters, *flashcards*, recursos didácticos do docente, dicionarios, libros dispoñibles na biblioteca de centro e aula, mapas, calendarios, fichas fotocopiables, materiais reais (roupa, xoguetes, xornais, revistas...), etc. A utilización de materiais didácticos complementarios permite axustar o proceso de ensino-aprendizaxe ás diferenzas individuais dos alumnos.

Como recursos audiovisuais e uso das TIC, utilizaremos o encerado dixital interactivo (EDI), o ordenador da propia aula e/ou da aula de informática, aula virtual, recursos online e recursos reunidos no blog https://newgraxalenglishcorner.blogspot.com/.

Ademais de traballar no EDI cos libros dixitais en todos os niveis, os libros de texto que se utilizarán neste curso son:

- 1º EP: GO!1. Student's Book. Richmond.
- 2º EP: GO!2. Activity Book. Richmond.
- 3º EP: GO!3. Activity Book. Richmond.
- 4º EP: GO!4. Activity Book. Richmond.
- 5º EP: All about us 5. Activity Book. Oxford.
- 6º EP: All about us 6. Activity Book. Oxford.

No caso de suspensión das clases presenciais, a atención e avaliación do alumnado será a través da propia Aula Virtual, utilizando á vez as ferramentas TIC mencionadas previamente (blogs, libros dixitais, presentacións, LIVEWORKSHEETS, Google Forms, etc...). Considerarase avaliativo o traballo realizado e entregado. No caso de que o alumnado non teña conectividade, buscaranse alternativas para poder levar a cabo a avaliación.

## 7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Os criterios de cualificación serán fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias básicas, os obxectivos fixados e os estándares de aprendizaxe. Haberá unha avaliación inicial sobre os contidos mínimos esixidos o curso anterior que servirá de referencia como punto de partida para o desenvolvemento do currículo. Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións, informando por escrito ao alumno/a e aos pais/nais/titores das cualificacións obtidas.

Para proceder á avaliación dos estándares de aprendizaxe da área estableceremos uns procedementos e instrumentos de avaliación que veñen determinados na programación. Os distintos estándares de aprendizaxe repartiranse en unidades didácticas en cada un dos trimestres. A avaliación será continua. Ao finalizar cada trimestre teranse en conta as distintas probas realizadas e outros procedementos de avaliación aplicados, tendo en conta os seguintes criterios de cualificación:

| **PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN** | **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN** | **1º** | **2º** | **3º** | **4º** | **5º** | **6º** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Análise das producións do alumnado | - producións orais.<br>- producións escritas (libro, caderno,…).<br>- resolución de actividades.<br>- cuestionarios. | 45% | 35% | 25% | | | |
| Probas específicas (orais/escritas) | - probas obxectivas.<br>- probas abertas. | 0% | 20% | 45% | | | |
| Intercambios orais co alumnado | - diálogo.<br>- posta en común. | 10% | 10% | 5% | | | |
| Observación sistemática | - rúbricas<br>- escalas de observación<br>- listas de control | 45% | 35% | 25% | | | |

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos daráselles unha cualificación numérica nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias: Insuficiente (1, 2, 3 ou 4), Suficiente (5), Ben (6), Notable (7 ou 8) e Sobresaliente (9 ou 10).



Voltar ao índice

## 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente revisaremos os aspectos que se recollen nas seguintes listas de valoración:

| AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **ASPECTOS A AVALIAR** | **INDICADORES DE LOGRO** | | | **OBSERVACIÓNS** | **ASPECTOS A MELLORAR** |
| | Non conseguido | Conseguido parcialmente | Totalmente conseguido | | |
| O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. | | | | | |
| Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe. | | | | | |
| Conseguiuse a motivación do alumnado. | | | | | |
| Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. | | | | | |
| Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado. | | | | | |
| Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado. | | | | | |
| Tomouse algunha medida curricular para atender ao alumnado con NEAE. | | | | | |
| Tomouse algunha medida organizativa para atender ao alumnado con NEAE. | | | | | |
| Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. | | | | | |
| Usáronse os instrumentos de avaliación previstos. | | | | | |
| Valorouse adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo. | | | | | |
| Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro. | | | | | |

| AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **ASPECTOS A AVALIAR** | **INDICADORES DE LOGRO** | | | **OBSERVACIÓNS** | **ASPECTOS A MELLORAR** |
| | Non conseguido | Conseguido parcialmente | Totalmente conseguido | | |
| Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado. | | | | | |
| Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa. | | | | | |
| Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade | | | | | |
| Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE. | | | | | |
| Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas. | | | | | |
| Intercálase o traballo individual e en equipo. | | | | | |
| Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral. | | | | | |
| Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe. | | | | | |
| Préstase atención aos temas transversais. | | | | | |
| Ofrécese ao alumnado os resultados das probas/exames e coméntanse co alumnado os erros máis significativos. | | | | | |
| Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus erros. | | | | | |
| Realizáronse as ACS propostas e aprobadas. | | | | | |
| As medidas de apoio, reforzo, etc. establécense vinculadas aos estándares. | | | | | |
| Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación. | | | | | |
| Grao de coordinación cos mestres/as do nivel. | | | | | |

## 9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Considerarase a materia progresiva, é dicir: se un alumno/a aproba a materia dun nivel superior ou unha avaliación posterior á que non superou, a materia será considerada academicamente como superada positivamente con respecto aos niveis inferiores ou avaliacións das que se trate. Ademais, o feito de que as mestras (e practicamente o resto do profesorado) continúen a ser as mesmas que no curso anterior, facilita poder avaliar en todos os casos o nivel de recuperación e o grao de consecución dos obxectivos e contidos acadados polo alumno/a en cuestión. Para este alumnado faremos un seguimento máis profundo e prantexaremos actividades de reforzo de xeito individualizado, partindo dos seus coñecementos e reforzando as técnicas de aprendizaxe.

## 10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.

A avaliación inicial realizarase durante o primeiro mes de clase (segunda quincena de setembro e primeira quincena de outubro) para avaliar o estado dos coñecementos do alumnado e marcarnos o punto de partida do noso traballo.

Como primeiro paso, analizaranse as actas finais do curso anterior do grupo de alumnos/as e os informes individualizados dos mesmos, de ser o caso. Na aula, levarase a cabo coa realización de diferentes actividades lúdicas (cancións, xogos, contos,…), interaccións orais e producións escritas sinxelas sobre temas tratados anteriormente (diálogos, postas en común,…) e/ou probas, tendo en conta os estándares do nivel anterior. Os instrumentos de avaliación serán fundamentalmente listaxes de control e listas de verificación, e a análise da actividade desenvolvida na aula.

Recollidos os datos da avaliación inicial, determinaranse aqueles estándares que requiran dun tratamento máis intenso de cara a garantir un aproveitamento axeitado do curso. Do mesmo xeito, estes datos servirán de base para adoptar as medidas necesarias de atención á diversidade para aqueles alumnos/as que o precisen, co fin de facilitarlles a continuación do seu proceso de aprendizaxe e o acceso ao currículo.

Ao principio de cada unidade didáctica realizaremos de modo habitual unha choiva de ideas para coñecer o nivel de coñecementos iniciais do alumnado.

## 11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

En función do coñecemento e experiencia previa de cada alumno/a, das súas necesidades e ritmo de aprendizaxe, e dos seus intereses e motivacións, en moitos casos, modificaremos ou adaptaremos contidos ou a metodoloxía para que todo o alumnado poda alcanzar os obxectivos establecidos. Teremos en conta estas diferenzas constantemente, non só á hora de avaliar, senón tamén á hora de ensinar e planificar o proceso de ensino-aprendizaxe, escollendo a quen dirixir e propoñer algunhas actividades ou outras.

Algunhas medidas de atención á diversidade que se tomarán son:

a) Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.

c) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

c) Reforzo educativo e/ou adaptación curricular significativa.

d) Plans individuais dirixidos a alumnos/as que o precisen (por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar).

## 12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS A DESENVOLVER.

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), o emprendemento e a educación cívica e constitucional, os valores (igualdade, equidade, resolución pacífica de conflitos, liberdade, non discriminación por razón de discapacidade), a seguridade viaria, o desenvolvemento sostible e o medio ambiente e as situacións de risco derivadas da utilización das TIC traballaranse de xeito integrado nas actividades que se realizarán ao longo do curso.

O desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social formarán parte do desenvolvemento das sesións dun xeito integrado, e trataranse de xeito específico na resolución de conflitos.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos nas actividades grupais e nas relacións sociais que xurdan a partires destas actividades. Aproveitaranse todas as ocasións que xurdan para tratar de xeito implícito ou explícito a violencia de xénero, a violencia terrorista ou calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Tamén se incorporarán elementos curriculares orientados ao desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor promovendo actividades o suficientemente abertas como para que o alumnado poida tomar decisións propias e emprender proxectos persoais, sempre dentro do marco do apartado 4 desta programación.

## 13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Debido á situación provocada pola Covid-19, as celebracións vanse ver limitadas e programaranse na medida en que sexa posible. Realizaremos na propia aula dramatizacións e diálogos de frases curtas en inglés e familiarizarémonos co mundo cultural dos países de fala inglesa, celebrando datas especiais (Halloween, Thanksgiving Day, Christmas, Carnival, etc.).

## 14. APLICACIÓNS DOS PLANS E PROXECTOS DO CENTRO.

### 14.1. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.

- Ler libros de inglés na biblioteca de aula e tamén no tempo de ler despois do recreo.

### 14.2. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE INTRODUCIÓN DAS TIC.

- Aproveitamento de recursos educativos en Internet: cancións, vídeos, contos, procura de imaxes, información e selección e organización da mesma.
- Uso de actividades interactivas online.
- Uso do blog para reunir recursos utilizados na aula.

## 14.3. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO.

- Valorar a importancia de aprender un idioma para poder comunicarnos coas persoas que o falan.
- Comprender que para coñecer a cultura dun pobo, debemos coñecer tamén a súa lingua.
- Establecer semellanzas e diferencias entre a cultura galega e a dos países de fala inglesa.
- Entender que un idioma é un tesouro de valor incalculable porque non está nas nosas mans fabricalo.

## 14.4. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.

**O COIDADO DA PERSOA:**

- Procuraremos acadar nos nosos alumnos o **benestar emocional.**
- Traballaremos a **educación en valores**.
- Prestaremos especial **atención á diversidade** entendendo a diferencia coma un valor.
- O alumnado deberá acudir ao centro en condicións axeitadas de hixiene, coa debida puntualidade e coas súas tarefas feitas.

**O COIDADO DO ENTORNO:**

- Buscamos unha escola aberta e integrada no entorno.
- Procuraremos ter un entorno físico agradable:
  - Traballaranse normas:
    - De funcionamento da aula:
      - Cumprimento das normas xerais da aula.
      - Orde e limpeza na realización das tarefas.
      - Orde e colocación do seu material e das mesas.
    - De funcionamento doutras dependencias:
      - Informática e biblioteca.

**O COIDADO DAS RELACIÓNS:**

- Coas familias: entrevistas persoais coas familias.
- Entre todo o persoal do centro e, en especial entre o profesorado e o alumnado e entre todo o alumnado polo que é necesario levar a cabo un labor titorial para:
  - Establecer entre todos unhas normas fundamentais de aula.
  - Acadar unha cohesión de todo o grupo.

## 15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN E PROCESOS DE MELLORA.

Para revisar e valorar a programación e acometer as reformas necesarias co fin de mellorar o cumprimento da mesma e os resultados académicos obtidos, usaremos como ferramenta esta lista de valoración:

| ASPECTOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **ASPECTOS A AVALIAR** | **INDICADORES DE LOGRO: GRAO DE CONSECUCIÓN** | | | | **OBSERVACIÓNS E ASPECTOS A MELLORAR/MODIFICAR** |
| | **1** | **2** | **3** | **4** | |
| Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. | | | | | |
| Grao de consecución dos obxectivos. | | | | | |
| Organización curricular: adecuación de cada estándar ao/aos procedementos e instrumento/s axeitado/s para a súa avaliación. | | | | | |
| Temporalidade axeitada. | | | | | |
| Adecuación da metodoloxía. | | | | | |
| Adecuación dos materiais e recursos didácticos. | | | | | |
| Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación, cualificación e promoción do alumnado. | | | | | |
| Grao de avaliación da proceso de ensino e da práctica docente. | | | | | |
| Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. | | | | | |
| Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado. | | | | | |
| Adecuación das medidas de atención á diversidade. | | | | | |
| Grao de tratamento dos elementos transversais. | | | | | |
| Grao de desenvolvemento das actividades complementarias. | | | | | |
| Grao de aplicación dos plans/proxectos do centro. | | | | | |
| Grao de revisión da programación. | | | | | |
| Grao de coordinación entre o equipo didáctico. | | | | | |

## 16. ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA AO CONTEXTO COVID.

### ADAPTACIÓNS NECESARIAS NO CASO DE DOCENCIA NON PRESENCIAL

Na **ensinanza presencial** está previsto ensinar a todo o alumnado a manexarse na Aula Virtual do centro. No caso de **suspensión das clases presenciais**, así como co **alumnado en corentena** puntualmente, está previsto continuar utilizando a Aula Virtual con aqueles alumnos/as con conectividade e medios dixitais, facilitando neste último caso, o traballo semanal/quincenal que se estivo a realizar na aula. Co **alumnado sen conectividade** utilizaranse as ferramentas que teñamos ao noso alcance para non perder o contacto: AbalarMóbil, correo electrónico, etc.

Na Aula Virtual publicaranse as actividades relacionadas co currículo planificado para o curso 2021-2022 e farase un seguimiento das tarefas realizadas. Considerarase avaliativo o traballo realizado e entregado. Rexistraranse observacións coas evidencias obtidas identificando os aspectos que foron aprendidos e aqueles sobre os que o alumnado presenta maiores dificultades.

Tendo en conta as diferentes situacións do alumnado, farase unha flexibilización dos seus plans de traballo co coidado de non penalizar ou perxudicar o benestar dos alumnos/as nin sobrecargalos de tarefas excesivas. Do mesmo xeito, levarase a cabo a intervención co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) tendo en conta os plans individualizados e as adaptacións curriculares.

No caso do alumnado que non teña conectividade nin medios dixitais, haberá unha “reorganización” das actividades que se van realizar, de forma que axuden a lograr o nivel de competencia esperado. Dende o centro, intentarase facilitar alternativas, entregando, por exemplo, material impreso.

Porase especial interese na realización de actividades de repaso e reforzo. Na organización das actividades de todos os niveis de educación primaria identificaranse as que se consideren básicas e as que sexan de ampliación. Estas actividades terán diferentes formatos: vídeos, tutoriais, lecturas, *multiple choice*, xogos, *quizzes*, *fill in the gap activities*, *listenings*, etc., así como as tarefas de autoavaliación que se consideren oportunas.

Con respecto á **avaliación**, para asegurar a igualdade de condicións, utilizaranse diferentes procedementos de avaliación, de maneira que recollan diversos estilos e mecanismos de aprendizaxe dos alumnos/as, así como as diferentes destrezas que os nenos e nenas poden utilizar para expresar os seus coñecementos.

Principalmente, utilizaremos a observación sistemática e a análise das producións dos alumnos/as, facendo un seguimento do traballo do alumnado na propia Aula Virtual (ou a través dos medios acordados para o alumnado sen conectividade), quedando rexistrada a puntualidade no período de presentación de tarefas. Terase tamén en conta a limpeza, calidade e presentación dos traballos entregados así como o grao de perfección acadado.